Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os López de Lemos e as doncelas

No lendario da nobreza nunca faltan explicacións nin aventuras semellantes a esta. O escudo de armas dos López de Lemos, señores de Sober e Ferreira de Pantón, só contaba cun roel no tempo en que os cristiáns tiñan que pagar ós mouros o chamado tributo das cen doncelas.

En tempos do rei Afonso II, O Casto, un tal Fernán López de Lemos e Sober rescatou doce doncelas daquelas entregadas ós mouros e por iso desde entón puido engadir ao seu escudo doce roeles de azur en campo de prata. Velaí a razón pola que agora suman trece os roeles do escudo dos López de Lemos.

BIBLIOGRAFÍA

VV. AA., Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.